

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 13 DE FEBREIRO DE 2012

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1894/2011.- EMPRESA DE TRANSFORMACION AGRARIA, SA.- Ampliación e reformas na Praza de Abastos, na Rúa das Ameas.

DESFAVORABLES

LIC/2252/2011.- Devolución de fianza depositada por dona CONCEPCIÓN FANDIÑO MARZOA en garantía da LIC/2459/2003.

AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA

LIC/2022/2011.- SONIA MARIA NAVEIRA PIÑEIRO.- Solicitud de autorización autonómica para legalización dunha vivenda unifamiliar no lugar de Balado, Cesar, Barciela, s/n.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/867/2011.- JOSE MANUAL MENDEZ RODRIGUEZ.....LIC/2033/2008..... 600 €

LIC/2024/2011.- JOSE BOO MECIASLIC/312/2011..... 1.500 €

LIC/154/2012.- SECUNDINO GIL MARIÑOLIC/863/2003..... 4.700 €

LIC/153/2012.- RAQUEL MARIA SANGIAO ILLOBRELIC/856/2006..... 1.000 €

LIC/522/2008.- OLGA ROSA VAZQUEZ MONTEROLIC/743/2003..... 600 €

4.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego, relativa á adscripción dun inmovible municipal á devandita concellería.

A proposta da concelleira de Benestar Social, aprobouse que o inmovible da antiga oficina de turismo da Plaza de Galicia, sexa adscrita á esta Concellería por un período dun ano e condicionando esta adscripción ás necesidades doutros departamentos e concellerías do Concello.

5 a 44.- Proposta da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmoables, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

45.- Proposta da concelleira delegada de informática relativa á adxudicación do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión tributaria e recadatoria, padrón de habitantes e convocatorias electorais.

A XGL aprobou o contrato de mantemento das aplicacións informáticas de xestión tributaria, padrón de habitantes e convocatoria electoral. Adxudicase á empresa T.Systems, subministradora e creadora dos programas, por un importe de 33.692,53 €.

46.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á denuncia do contrato de alugueiro do local situado na Travesía dos Basquiños nº 7.

Apróbese a denuncia do contrato de aluguer do local sito na rúa Travesía dos Basquiños 7, destinado polo Concello a uso sociocultural da AV.VV Francisco Asorey da Almáciga, polo que este contrato quedará sen efecto a partir do 30 de abril de 2012.

47.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á denuncia do contrato de alugueiro do local situado na Travesía dos Basquiños nº 9 baixo.

XGL aprobou para este punto o mesmo que o anterior coa mesma data.

48.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á reclamación dun funcionario.
A XGL rexeitou a solicitude dun funcionario municipal sobre acordos da XGL do ano 2007 relativos á modificacións da RPT do Concello.

50.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa á prórroga da vixencia do Plan de Igualdade do Concello de Santiago.
A XGL aprobou prorrogar a vixencia do Plan de Igualdade do Concello de Santiago durante o período 2012-2014.

53.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á recepción parcial das obras de urbanización executadas na metade oeste do SUNP-12. LAMAS DE ABADE.
A XGL autorizou a recepción das obras de urbanización executadas na metade oeste do SUNP-12 Lamas de Abade, coas condicións de colocación dos elementos de xardinería e mobiliario urbano. Procederáse á limpeza e arranxo dos desperfectos que se poidan apreciar, a cargo da empresa contratista.

56.- Proposta do concelleiro delegado de Educación relativa ao informe favorable sobre as modificacións das zonas de influencia que afectan a diversos centros escolares.
A XGL aprobou, a proposta do Concelleiro de Educación, informar favorablemente das modificacións ás zonas de influencia que afectan aos seguintes centros escolares:
-CEIP VITE E CEIP RAÍÑA FABIOLA.
-CEIP CARDEAL QUIROGA PALACIOS
-IES EDUARDO PONDAL E IES ARCEBISPO XELMIREZ I.
Estas modificacións nas adscricións terán efectos para o curso 2012/2013. O CEIP López Ferreiro terá adscrito indistintamente o IES Xelmírez I e o IES Xelmírez II. O CEIP Apóstolo Santiago terá adscrito indistintamente o IES de Sar e o IES Xelmírez II.

57.- Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Universidade Nacional de Educación a distancia de Ourense para realizar prácticas previstas nas carreiras universitarias de Educación Social, Traballo Social e Psicoloxía nas dependencias municipais.
Deuse conta á XGL da sinatura do devandito convenio de colaboración.

58.- Dar conta da Resolución do concelleiro delegado de Alumeado Público relativa á autorización para a execución dunha obra.
A XGL autorizou á empresa DAVIÑA S.L a executar obras de ampliación de alumeado público nas parroquias de A Gracia: 2.351,78 €, Carballal: 1.874,84 €, Laraño: 1.043,58 €, Vilvestro: 1.726,04 €. Total: 6.969,24 €. Isto como parte do montante fixo de 150.000 €/ano do contrato de xestión da iluminación pública municipal.

59.- Dar conta dunha corrección de erro no punto 5 da sesión de 29.12.2011.
Dáse conta do devandito erro.

URXENCIAS

1.- Apróbase o orzamento para o Entroido por importe de 75.000 euros.